



AREA DE SERVICIOS SOCIALES, CULTURA, DEPORTES Y EDUCACION
Servicio de Deportes y Juventud

DESTINATARIOS

Poderán solicitar a cesión da sala preferentemente:

1. Mozos creadores de entre 15 e 35 anos, vinculados á nosa cidade, é dicir, que nacesen, residan, traballen ou estuden nela. Os menores de idade deberán estar representados polo seu pai/nai/titor-a legal.
2. Colectivos de artistas, nos que cando menos o 75% das persoas que integren o dito colectivo cumpran os requisitos establecidos no punto anterior.
3. Centros educativos que impartan estudos regrados oficiais vinculados coa creación artística.
4. Entidades sen ánimo de lucro que queiran promover unha exposición vinculada coa creación ou coa cultura xuvenil.

CARACTERÍSTICAS DAS OBRAS

5. As obras expostas pertencerán, en sentido amplo, ás incluídas no campo das artes visuais (debuxo, escultura, instalacións artísticas, fotografía, ilustracións, performance, pintura, videoarte, etc.), sempre que se poidan axustar ao espazo expositivo e ao seu equipamento.
6. As obras expostas deberán respectar a dignidade das persoas e os principios e valores vinculados cos dereitos humanos.

EQUIPAMENTO

7. A sala está dotada de iluminación, sistemas de suxeición e soportes adecuados para a exposición de artes plásticas e/ou arte multimedia, e con acceso á internet a través de rede WiFi.
8. En caso de querer usar algún elemento lumínico, soporte adicional ou sistema de suxeición non proporcionado pola sala, os solicitantes deberano notificar na memoria do proxecto para a cesión do espazo e contar co consentimento expreso dos responsables da sala.
9. Respectaranse o deseño e a organización proposta polos promotores da exposición, sempre que se considere que é posible adaptalos ás características do equipamento. En caso de diferenza de criterio, prevalecerá o criterio do director municipal da dita exposición que se designe na resolución da cesión do espazo.

CONDICIÓN DE USO

10. A cesión do espazo expositivo será totalmente gratuíta.
11. O período de cesión máxima da sala será de 30 días hábiles. Na resolución que outorgue a dita cesión, establecerase este período e incluírase a fixación dos períodos de montaxe e desmontaxe. Calquera alteración dos termos da dita resolución esixirá a súa modificación.
12. A exposición montarase e desmontarase dentro do horario de apertura do Centro Municipal de Información Xuvenil (CMIX). No caso de performances, este horario poderá ser modificado, sempre e cando así se recolla na resolución municipal autorizante.
13. Unha vez transcorridas 48 horas desde a data límite establecida para a desmontaxe, se o/a artista, colectivo ou entidade promotora non viñese recoller as obras, o Concello iniciará un procedemento de execución forzosa para o cumprimento da dita obriga.
14. Calquera posible gasto xerado polo transporte, montaxe ou desmontaxe da exposición correrá a cargo do artista, colectivo ou entidade promotora; que deberá responsabilizarse economicamente dos danos causados na Sala (paredes, paneis, chans, teitos, elementos lumínicos), debéndo deixala no mesmo estado en que lles foi cedida.
15. A sala cederase para a exposición de obras artísticas; non se permitirá a venda destas durante o período que dure a exposición.

16. O Concello comprométese a difundir as exposicións realizadas a través das súas canles de información.
17. O Concello da Coruña, a través da Concellaría competente, resérvase o dereito ao uso do dito espazo, sempre que o necesite, logo do aviso aos usuarios coa suficiente antelación. Poderá revogar a resolución autorizante sen dereito a ningunha compensación económica, salvo o dano efectivo que sufrise con esa cancelación.
18. O artista, colectivo ou entidade promotora aceptará por escrito a totalidade das presentes condicións e o seu incumprimento podería supor a perda automática do permiso de cesión da Sala.

DEREITO DE REPRODUCCIÓN E COMUNICACIÓN PÚBLICA

19. Coa formalización da solicitude de uso da Sala, o artista, colectivo ou entidade promotora autoriza expresamente o Concello da Coruña á reprodución e comunicación pública das obras expostas nela, aos únicos efectos de promover a exposición propia do autor e de lle dar difusión á sala Plataforma 14. En consecuencia, as obras poderán ser incluídas nas súas páxinas web, redes sociais, catálogos individuais ou colectivos, así como en calquera outro medio de difusión propio, sempre cunha finalidade non comercial. En calquera caso, consignarase o nome dos autores das obras.

CLÁUSULA DE EXENCIÓN DE RESPONSABILIDADE

20. O Concello da Coruña non se fará cargo do posible deterioro que poida producirse en accidentes, roubos, incendios etc. e que poidan destruír total ou parcialmente as obras expostas, así como de calquera outro material cedido para o deseño da exposición. O autor poderá contratar pola súa conta un seguro que cubra os riscos anteriormente citados e adoptar as medidas de protección e seguridade que considere convenientes, sempre e cando non supoña ningún custo para o Concello nin o entorpecemento dos servizos municipais que se prestan no espazo onde está situada a dita sala.

ÓRGANO DE SELECCIÓN

21. Os proxectos e obras recibidas serán sometidos ao criterio da Concellaría Delegada en materia de Xuventude, quen resolverá motivadamente as ditas peticións.

ENTREGA DE SOLICITUDES

22. As solicitudes para pedir a cesión da sala deberán ser entregadas en calquera dos rexistros municipais; sendo obrigatorio o emprego do modelo normalizado que se pode descargar no enderezo www.coruna.es/cmixonplataforma14.

Ditas solicitudes irán acompañadas de:

- Breve currículo vitae e artístico das persoas que pretenden expoñer as súas obras.
- Un dossier coa relación de obras que integrarán a exposición (papel, arquivo informático, CD, DVD etc.), ficha técnica de cada obra (título, medidas, material utilizado, data de realización etc.) e imaxes delas en formato de alta calidade (1 MB) e en formato .jpg
- Memoria descritiva da exposición, en que o artista ou colectivo poderá formular calquera cuestión que considere necesaria (necesidades expositivas, organización espacial da exposición etc.).

Unha vez presentada a solicitude para ser autorizada, o Concello contactará coa persoa que presenta a solicitude para achegar a seguinte documentación, como requisito previo para a concesión da preceptiva autorización:

- a) Fotocopias dos DNI de todas as persoas que van participar na exposición.
- b) Documentación que demostre a vinculación coa cidade das persoas que participen na exposición (padrón, matrícula de estudos, certificado de empresa etc.).
- c) Permiso paterno/materno/titor-a legal das persoas que participarán na exposición.